

COMISIÓN INFORMATIVA DE POLÍTICAS SOCIAIS

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de xaneiro de 2024**

Ás 17.00 horas do día 18 de xaneiro de 2024, reúnese a Comisión Informativa de Políticas Sociais, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D.^a Teresa Barge Bello

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurenitno Alonso Araújo

D.^a Marina Vaz Quintillán

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO
DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2023.-**

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 14 de decembro de 2023.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Políticas Sociais do día 14 de decembro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- RATIFICACIÓN DA APROBACIÓN DO II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

O Sr. presidente cédelle a palabra á deputada delegada de igualdade, dona María Teresa Barge Bello, do Grupo Popular, que intervén para manifestar que se trata de ratificar o II Plan de Igualdade que xa fora aprobado, pero, con motivo do cambio da Corporación, debe someterse de novo a ratificación. Di que hai unha pequena modificación na presentación onde se inclúe a soidade e o nome dos cargos.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a reserva de voto do Grupo Socialista (4), de DO (2) e do BNG (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Ratificar a aprobación do II Plan de Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres da Deputación Provincial de Ourense, conforme co texto que figura no expediente núm. 2023/4495S, co CSV 15251656317723255376.

2º.- Ordenar a súa publicación na sede electrónica da Deputación, e que se proceda ao seu rexistro e depósito segundo o previsto na Resolución de 13 de xullo de 2023, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se modifica a de 16 de marzo de 2023, pola que se crea o Rexistro de plans de igualdade das administracións públicas e os seus protocolos fronte ao acoso sexual e por razón de sexo (BOE núm. 175 de 24 de xullo de 2023).

3º.- MOCIÓN DO BNG PARA A DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA E ESPECIALMENTE EN OURENSE.-

D.ª María José Mangana Guede do BNG, dá lectura aos acordos que se recollen na moción.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, di que reservan o voto para o Pleno, e que todos coñecen a situación da sanidade.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular, di que a sanidade pública é o obxecto das dúas mocións. Destaca que o PP e o Grupo Provincial sempre fixo e fará unha aposta pola sanidade pública e ninguén nos dará ningún tipo de leccións de como se xestiona a sanidade pública. Anuncia a reserva de voto do seu grupo para o Pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (2), e a abstención do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (4) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Denunciar diante da Xunta de Galicia a vulneración de dereitos que sofren as e os ourensáns por ter a maior lista de agarda de toda Galicia.

2º.- Esixir do SERGAS que na área sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras se aborden os problemas estruturais dos hospitais e das especialidades con maiores problemas de funcionamento, avaliando medidas para a atracción de persoal e abordando as melloras necesarias. Así como a construción e/ou reformas dos centros de saúde comprometidos: Vinteún, Mariñamansa, Ribadavia e A Rúa.

3º.- Instar ao Goberno galego á posta en marcha sen máis dilación do Plan de mellora de atención primaria e a resolver de inmediato as carencias do servizo de pediatría nos centros de saúde do Carballiño e Xinzo de Limia.

4º.- Reclamar do Goberno galego a inmediata reposición de facultativos nos centros de saúde do macizo central e na Mezquita, para unha correcta atención á cidadanía. Así como dotar os PAC de equipos parellos “médico/a-enfermería” evitando que o servizo de enfermería teña que atender múltiples servizos de medicina, como ocorre no Carballiño, Ribadavia e Celanova.

5º.- Que a Xunta de Galicia modifique o mapa de transporte sanitario, incluíndo a dotación dunha ambulancia do SVA para a comarca de Valdeorras e reforzo noutras comarcas onde o servizo e os medios materiais e humanos é deficitario.

6º.- Reclamar ao Goberno galego e ao estatal o aumento e apertura de prazas en medicina e MIR.

4º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA GARANTIR UNHA SANIDADE PÚBLICA DIGNA, SUFICIENTE E DE CALIDADE PARA TODA A VECIÑANZA

DA PROVINCIA DE OURENSE, INDEPENDENTEMENTE DO SEU LUGAR DE RESIDENCIA

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, dá lectura aos acordos que se recollen na moción achegada polo seu grupo.

D.^a María José Mangana Guede, do BNG, anuncia a reserva de voto do seu grupo.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular, di que na moción se recolle a equidade sanitaria que é unha máxima que defenden, con independencia de onde estea o paciente. Respecto á reposición do servizo de pediatría lembra que hai anos propuxo unha OEP na que se alguén sabía dun pediatra o contrataría rapidamente, pero aínda está esperando porque non os hai. Está de acordo en repoñer o servizo de pediatría pero non hai pediatra.

D. Xosé Manuel Puga, do BNG, pregunta se é culpa da xente que estuda por non facer pediatría.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular, di que para facer pediatría temos que ter dispoñibles prazas MIR e o goberno central é o que dá esas prazas MIR.

D.^a María José Mangana Guede, do BNG, di que no poden consentir que só se culpe ao goberno central das prazas MIR, cando é a Xunta de Galicia quen as ten que solicitar para que o Goberno Central as convoque. Engade que se se lle pagase mellor ao persoal médico facultativo e sanitario non teríamos o problema da fuxida que temos neste momento, e desexa que conste que a Xunta ten moita culpa de que as prazas MIR non sexan suficientes para este país.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (4) e a abstención do Grupo Popular (6), de DO (2) e do BNG (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Que a Deputación de Ourense esixa ao goberno galego a adopción urxente e inmediata de todas as medidas necesarias para garantir a prestación dunha atención sanitaria digna, suficiente e de calidade para todas as veciñas e veciños das áreas sanitarias de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, independentemente do seu lugar de residencia.

SEGUNDO.- Que a Deputación de Ourense se implique en primeira persoa para esixir á Xunta de Galicia que, alén de parches e coberturas provisionais de facultativos doutras áreas, adopte as medidas precisas para a reposición inmediata dos servizo de pediatría e atención especializada alí onde a situación é máis urxente, como no Carballiño, Xinzo de Limia e O Barco de Valdeorras.

TERCEIRO.- Que a Deputación de Ourense se implique en primeira persoa para esixir á Xunta de Galicia modificacións nas provisións de transporte urxente do 061 para dispor ambulancias medicalizadas con soporte vital avanzado no Barco de Valdeorras e Verín, e reforzos de ambulancias medicalizadas en outras comarcas da provincia como O Ribeiro e O Carballiño.

CUARTO.- Que a Deputación de Ourense reclame á Xunta de Galicia á mellora global da dotación en recursos humanos e materiais do Sistema Público de Saúde de Galicia, que contemple a incorporación progresiva de profesionais sanitarios e especialistas para cubrir as necesidades certas dos diferentes establecementos hospitalarios, PAC e centros de saúde da provincia de Ourense.

5º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A CREACIÓN E FINANCIAMENTO DE CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES EN COLABORACIÓN COS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE

D.^a Marina Vaz Quintillán, do Grupo Socialista, dá lectura aos acordos que se recollen na moción achegada polo seu grupo.

D. Armando Ojea Bouzo, de DO, manifesta que fan reserva de voto para o Pleno.

D.^a María José Mangana Guede, do BNG, di que fan reserva de voto para o Pleno e manifesta que sempre van estar do lado dos servizos públicos.

D.^a Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, di que fan reserva de voto para o Pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (4) e a reserva de voto do Grupo Popular (6), do BNG (2) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRA.- Que a Deputación de Ourense realice unha exhaustiva auditoría sobre o estado da situación actual na atención a persoas maiores na nosa provincia, que de conta dos activos dispoñibles, das previsións a futuro e do custo que, directa ou indirectamente, ten para as finanzas da institución.

SEGUNDA.- Que a Deputación de Ourense leve a cabo un estudo para avaliar a creación e financiación de centros de atención a persoas maiores en colaboración cos concellos da provincia de Ourense, que se conforme coma unha rede de residencias públicas que garantan unha atención suficiente, acaída e digna para este continxente humano.

TERCEIRA.- Que a Deputación de Ourense avalíe diferentes fórmulas de colaboración para a xestión pública de xeriátricos coa Xunta de Galicia, sendo esta a principal responsable do financiamento na construción de residencias na nosa comunidade autónoma.

6º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a María José Mangana Guede, do BNG, pregunta polos acordos de recoñecemento como persoas ilustres de Antonio Ferrín e Marisa Crespo.

O Sr. presidente responde que neste momento non sabe como están e lle contestará á maior brevidade.

E, ás 17.26 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.